



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 21 DE MARZO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinteun de marzo de dous mil dezaseis; as doce do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.- Non asiste Don Ricardo González Amaro.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado catorce de marzo de dous mil dezaseis (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.--

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

Non houbo.-

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Axencia para a Modernización e Tecnolóxica de Galicia (ANTEGA), no que se comunica a adhesión do Concello a Rede Dixital de Emerxencias e Seguridade de Galicia.

- Do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Ourense, notificando a interposición de recurso contencioso-administrativo por Gestima S.L., contra Acordo do Pleno do Concello de data 28.01.2016, relativo a resolución de concesión administrativa e solicitando a remisión do expediente administrativo no prazo improrrogable de vinte días. A Xunta de Goberno Local, toma coñecemento do referido escrito e acorda a remisión do referido expediente debidamente foliado e autenticado o Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Ourense.

- Da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, Resolución de data 15.03.2016, relativo o expediente de aproveitamento de 0,1533 l/s de auga procedente duna mina en San Paio con destino a fonte decorativa e rego, solicitado pola Comunidade de Montes en Mano Común de San Paio e Santa Cristina.



5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA COLABORACION E ASISTENCIA NO FUNCIONAMENTO, CONSERVACION E MANTEMENTO DO APARCAMENTO DA ALAMEDA DO CONCELLO DE RIBADAVIA.

Dase conta da proposta da Alcaldía relativa a aprobación do expediente de contratación do procedemento negociado sen publicidade do contrato administrativo “**DA COLABORACION E ASISTENCIA NO FUNCIONAMENTO, CONSERVACION E MANTEMENTO DO APARCAMENTO DA ALAMEDA DO CONCELLO DE RIBADAVIA.**”. No expediente constan os seguintes elementos:

1. Proposta de Alcaldía de data 16.03.16 en cumprimento do art. 22 do RDLEX 3/11.
2. Informe de Secretaría de data 21.03.16 no que se conclue o seguinte:
“Infórmase favorablemente en canto á legalidade do Prego de Cláusulas Administrativas”.
3. Informe de intervención de data 21.03.2016.
4. Prego de Clausulas Administrativas Particulares de data 16.03.2016

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade o seguinte:

1. Aprobar o expediente de contratación conforme as previsions dos artigos 110 TRLCSP e disposición adicional 2ª do T.RL.C.S.P.
2. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, e abrir a fase de licitación mediante invitación a tres empresas capacitadas para a realización do contrato.
3. Invitar alomenos a tres empresas co obxecto de que presenten propostas económica para a prestación de dito servico, relacionando o Sr. Alcalde as seguintes empresas a invitar: Eulen S.A., Elvira Meiriño Rodríguez e Addeco Outsourcing (Atlas Servicios Empresariales).

APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE PEON DO GRUPO DE EMERXENCIAS MUNICIPAIS (GES) DE RIBADAVIA.-

Dase conta por parte do Secretario da proposta de Alcaldía de bases de selección para a contratación dunha praza de Péon do Grupo de Emerxencias Municipais (G.E.S) de Ribadavia, modalidade de contrato de obra ou servico determinado a tempo completo, asinadas polo mesmo con data 15.03.2016.

Consta informe de Intervención de data 21.03.2016.



A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de Peón do Grupo de Emerxencias Municipais (G.E.S) de Ribadavia.

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 1º TRIMESTRE DO 2016.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 1º trimestre do 2016, por importe de 50.460,33 euros, tarifa de depuración por importe de 9.771,96 euros, máis 6.036,30 euros de IVE, resultando un total de 66.268,59 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 1º trimestre do 2016, por importe de 18.574 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.536,65 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 9.251,33 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 1 de abril e o 23 de maio de 2016”.

RESOLUCION DO 17 DE FEBREIRO DE 2016 POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESION DE SUBVENCIONS A CONCELLOS PARA O APOIO, PROMOCION E DIFUSION AS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURISTICO DE GALICIA PARA O ANO 2016.-

“Vista a Resolución do 17 de febreiro de 2016, polo que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a Concellos para o apoio, promoción e difusión as festas declaradas de interese turístico de Galicia para o ano 2016, publicada no DOGA nº 39, de 26 de febreiro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Acollerse a devandita Resolución e solicitar a correspondente subvención comprometéndose a financiar o importe do orzamento do evento que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Segundo.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución.

SOLICITUDE DE SUBVENCION.-

“Vistas as Bases reguladoras da convocatoria de concurso público para a concesión de subvencións a Concellos para a realización de accións de promoción de produtos ourensáns correspondentes o exercicio de 2016, aprobadas pola Comisión Executiva do Inorde con data 5 de febreiro de 2016 e publicadas no BOP de data 16 de febreiro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

UNICO.- Acollerse as devanditas Bases e solicitar a correspondente subvención prestando aprobación a solicitude de subvención para o proxecto que se presenta, segundo a documentación achegada coa solicitude.



SOLICITUD DE SUBVENCION.-

Resolución do 19 de febreiro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a Concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestructuras recreativas, información turística e infraestructuras turística a pequena escala, mediante o fomento de accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020.

O abeiro da Resolución do 19 de febreiro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a Concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestructuras recreativas, información turística e infraestructuras turística a pequena escala, mediante o fomento de accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

UNICO.- Acollerse a devandita Resolución solicitando a correspondente subvención, prestando aprobación o proxecto denominado “Mellora da accesibilidade, creación de aparcamento para autobuses turísticos e sinalización de recursos turísticos na rúa Progreso e na rúa Virxe do Portal”, por importe de 60.400,28 euros, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo a unha do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



Concello de Ribadavia